

# BANDO

## AMPLIACIÓN DE HORARIO FESTAS DE ENTÍNS 2023

D. ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ, ALCALDE EN FUNCIÓNS DO CONCELLO DE OUTES, FAI SABER:

Con motivo das festas locais de Entíns, acórdase a ampliación de horario de peche dos establecementos públicos, segundo o disposto a continuación:

**PRIMEIRO.- Ampliación en dúas horas dos horarios xerais de apertura de establecementos públicos**, en todo o termo municipal, **durante a noite do sábado 19 de agosto de 2023**

**SEGUNDO.-** Os establecementos que se acollan á ampliación horaria con motivo da celebración das festas, **serán aqueles que consten con licenza municipal para actividade de hostalaría** (bares, cafeterías, restaurantes, café-espectáculo, pubs e discotecas), sempre que non se produza alteración nas condicións da mesma.

**A prolongación do horario** permitido de peche **debe respectar, en todo caso**, as condicións de funcionamento legalmente establecidas, tanto na normativa aplicable coma nas correspondentes licenzas de apertura.

**TERCEIRO.-** Os establecementos que decidan aplicar o horario especial de peche, deberán ter en conta que **entre o peche e a apertura dos establecementos sempre deberá transcorrer o período mínimo obrigatorio de 4 horas**.

*O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento dunha maneira cívica e respectuosa co ben común.*

O Alcalde en funcións,  
D. Anxo Núñez Fernández

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

